



INTEGRACIÓN DA REDE DE TRATAMENTO DE CONDUTAS ADICTIVAS DE GALICIA

Hai catro décadas, administracións e entidades sociais afrontaron a problemática da expansión das drogas ilegais e, especialmente, do consumo de heroína e a pandemia da SIDA. A aprobación do Plan Nacional sobre Drogas (PND) en xullo de 1985 e do Plan Autonómico de Drogodependencias de Galicia (PAD) en 1986, representan o inicio da planificación e xestión das políticas, recursos, programas e servizos, froito da colaboración entre as administracións e o movemento social.

En 1996 aprobouse a Lei de Galicia sobre drogas, que estableceu que a planificación de obxectivos, prioridades e estratexias nesta materia debe estar recollida nun Plan de Galicia sobre Drogas (PGD). Os PGDs de 1997-2000 e 2001-2004 adoptaron os criterios da Lei sobre drogas e consolidaron as políticas postas en marcha pola Administración autonómica, en colaboración coa central, a local e o conxunto das ONG e entidades sociais de Galicia, en prevención, asistencia, incorporación, formación, investigación e avaliación.

O Plan Estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2006-2011 incluíu ás drogodependencias dentro dos servizos de saúde mental. En 2007 publicouse a orde que regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde. O PGD 2007- 2009 incluíu a integración da rede asistencial de drogodependencias de Galicia e propuxo que as unidades específicas de tratamento de condutas adictivas da Rede Asistencial de Saúde Mental e Drogodependencias do Servizo Galego de Saúde estarían constituídas polos dispositivos asistenciais adscritos ao PGD e polas unidades de alcoholismo e outras dependencias.



A Rede de Tratamento de Condutas Adictivas de Galicia (RTCAG), xestionada conxuntamente con municipios e ONG, integra 30 dispositivos e máis de 200 profesionais que proporcionan tratamentos en réxime ambulatorio, semirresidencial e residencial, cun modelo de atención integral, biopsicosocial e comunitario que da respostas asistenciais eficaces ás múltiples dimensións do problema das drogodependencias

Desde 2009 estase a producir unha deterioración progresiva na coordinación, estrutura e actividade da RTCAG, reflectido nas seguintes accións:

- Paralización do proxecto de integración desta rede asistencial, obrigando a concellos e ONG a manter a xestión duns recursos sanitarios que son de competencia exclusiva do Servizo Galego de Saúde.
- Cambios na organización do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade que foron deteriorando a dependencia orgánica e funcións das estruturas competentes en saúde mental e drogodependencias que conlevaron, na práctica, o desmantelamento do PGD.
- Muda dos convenios bilaterais anuais nun convenio instrumental coa Federación Galega de Municipios, para as administracións locais.
- Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016 profundamente desatendido polas estruturas responsables do seu desenvolvemento.
- Incumplimento dos obxectivos da Estratexia Sergas 2020 en materia de adiccións
- Minimización das adiccións e invisibilización da RTCAG no Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

As consecuencias desta política de desatención e deterioración da RTCAG pode abocar á desaparición dunha estrutura asistencial altamente especializada e cualificada que prestou un servizo irremplazable a máis de 70.000 familias galegas e que, a pesar das súas crecentes dificultades, ten máis de 13.000 persoas a tratamento na actualidade. Nestas circunstancias, reivindicamos a urxente necesidade de elaborar un plan de atención aos trastornos adictivos, dentro do ámbito da asistencia especializada e enmarcado nas estratexias de saúde mental, que solucione dunha vez por todas a normalización da asistencia sanitaria a esta complexa patoloxía, mediante:

- Elaboración dun plan de futuro que dea resposta ás necesidades reais da saúde mental e especificamente ás necesidades organizativas e funcionais en materia de asistencia aos trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, baseado



na evidencia científica, os indicadores do Sistema Nacional de Saúde, a opinión e colaboración de persoas expertas, os resultados de avaliacións de documentos estratéxicos anteriores e as opinións das persoas usuarias do sistema público de saúde.

- Incorporación deste plan na Estratexia galega de saúde, con elaboración específica dun plan de desenvolvemento sectorial, conforme ao establecido no capítulo VI sobre a “Planificación do Sistema público de saúde: a Estratexia galega de saúde e os seus instrumentos de desenvolvemento sectorial e territorial”, da Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Polo Exposto,

SOLICITO:

Se atendan estas reivindicacións e en consecuencia se fagan as xestións oportunas ante a Consellería de Sanidade para levar a cabo as mesmas.

Vilagarcia a 18 de maio de 2021

Asdo: Xan Caneda González
Coord. Xeral Admón Local FSC CCOO Galicia